Deputación de A Coruña

JUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN/XUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN

Número de registro de entrada/Número de rexistro de entrada: 202200000000208

Fecha y hora/Data e hora: 18 de enero de 2022 13:01

Órgano origen/Órgano orixe: ACTAS, REXISTRO E INFORMACION

Interesado/Interesado

NIF/NIE/CIF:

CCOO SECCION SINDICAL DA DEPUTACION DE A CORUÑA

Código postal/ Código postal: 15008

País/País:

Teléfono/ Teléfono:

Dirección/ Enderezo: AV CADIZ, 5, Coruña (A), A Coruña

Municipio/ Concello:

Provincia/ Provincia:

Correo electrónico/Enderezo electrónico:

Información del registro/Información do rexistro

Asunto/ Asunto: SOLICITUD

Resumen/ Resumo: S/ INICIO IMPLANTACION MODADLIDADE DE TELETRABALLO

Documentos anexos/Documentos anexos

Nombre/Nome
Solicitude.pdf

Se extiende el presente recibo a efectos de acreditación de presentación de documentos./ Exténdese o presente recibo a efectos de acreditación de presentación de documentos.

18/01/2022 13:02:17

CVD: 10220312000102028172 Verificable en la Sede Electrï¿½nica del Organismo.

Federación de Servizos á Cidadanía

Sección Sindical Deputación da Coruña
ccoo@dacoruna.gal
www.fsc.ccoo.es/galicia

SOLICITUDE

Álvaro Trillo Cayón, con DNI 32757687Y, Coordinador da Sección Sindical de Comisións Obreiras na Deputación Provincial de A Coruña, en nome e representación da Federación de Servizos á Cidadanía do Sindicato Comisións Obreiras de Galicia

EXPÓN

Que nestes momentos a situación con respecto á Covid-19 é dunha alarmante expansión do número de contaxios debido á elevadísima transmisibilidade da variante Omicron actualmente activa: 4.916 novos contaxios hoxe en Galicia e 73.688 casos activos controlados, e coa incidencia a 14 días en 3.464 por cada 100.000 habitantes (3.397 é o dato global para España); e aínda que o cadro de síntomas está sendo máis leve, en gran medida debido ao alto índice de vacinación, as hospitalizacións continúan aumentando.

Que todas as recomendacións dos expertos coinciden en que o traballo a distancia é unha das medidas máis efectivas para a contención da pandemia, incluídos os que forman o Relatorio de Alertas do Ministerio de Sanidade que mencionan entre as recomendacións na súa proposta de documento de decembro o seu fomento (https://www.vozpopuli.com/espana/sanidad-hosteleria-cerrar-navidad.html). Outros expertos son máis contundentes, como Matilde Cañelles, inmunóloga do CSIC que sinala "Tal e como está o tema cando máis teletraballo haxa mellor. Deberíase facilitar ao máximo", ou Joan Caylà, doutor da Sociedade Española de Epidemioloxía e membro da Fundación da Unidade de Investigación da Tuberculose de Barcelona, para o cal "non pode aplicarse a todas as profesións, pero naquelas que si teñen esa posibilidade debería teletraballarse dous ou tres días á semana ou a semana enteira, sería un bo labor desde agora mesmo ata Semana Santa" (ambos en declaracións a RTVE: https://www.rtve.es/noticias/20211220/expertos-urgen-actuar-ante-omicron-aunque-sea-tarde-mascarillas-cierre-del-ocio-nocturno-teletrabajo/2241380.shtml), ou Pedro Gullón, epidemiólogo e profesor da Universidade de Alcalá de Henares que considera que pode cortar moitas cadeas de transmisión que se producen na contorna laboral e que a análise impacto/beneficio é claramente favorable á obrigación en situacións como actual, e por suposto á recomendación.

Que a gran maioría das máis importantes empresas deste país, a pesar de que moitas delas xa o teñen regulado con carácter ordinario han emprendido actuacións para volver aplicar, ou incrementar o teletraballo como medida máis efectiva para previr contaxios na contorna laboral. É o caso de Telefónica, Orange, Vodafone, MásMóvil, Banco Santander, BBVA,

Caixabanc, Banco Sabadell, Endesa, Enagas, Naturgy, Siemens Gamesa, Acciona, Mafre, Gogle España, etc. Practicamente todas as grandes, e algunha que falta, por exemplo Repsol, é por que non incrementaron o traballo a distancia porque xa teñen implantado un sistema moi avanzado en situacións no pandémicas de normalidade.
(https://www.cronista.com/internacionales/omicron-en-espana-vuelve-el-home-office-masivo-en-las-grandes-empresas-por-los-contagios/ y https://www.abc.es/sociedad/abci-coronavirus-alerta-sobre-omicron-tensiona-limite-protocolos-anti-covid-para-este-enero-202201122111_noticia.html).

Que tamén algunhas administracións están a dar pasos neste sentido, como a Axencia Tributaria, a Generalitat de Cataluña, o CSIC, e outras administracións autonómicas e locais.
(https://elpais.com/economia/2021-12-23/el-teletrabajo-vuelve-a-las-empresas-ante-el-incremento-de-los-contagios-por-covid.html y https://www.rtve.es/noticias/20211226/espana-vuelve-teletrabajar-auge-omicron/2243981.shtml).

Que na maioría dos países da nosa contorna, algúns con datos similares ou mellores que os de España, si se están tomando, por parte dos seus gobernos, medidas de implantación de teletraballo. Bélxica, Portugal ou Holanda, obrigatorio para todo o que poida realizarse nesa modalidade, Francia, traballo a distancia obrigatorio entre 3 e 4 días á semana, con fortes sancións ás empresas por cada traballador co que incumpran. Outros países do norte e centro da UE, e o Reino Unido levan semanas recomendando reducir as horas presenciais ante o avance da Omicrón.
(https://www.infolibre.es/politica/medidas-europeas-sexta-ola-espana-no-baraja-teletrabajo-forzado-test-fuera-atencion-primaria_1_1215799.html y https://www.europapress.es/internacional/noticia-francia-hara-obligatorio-teletrabajo-tres-dias-semana-proximas-tres-semanas-20211227205602.html)

Que o goberno provincial - ademais de atrasar a negociación do regulamento de teletraballo de carácter ordinario a pesar das peticións de avance da parte social - non tomou ningunha medida en relación coa implantación do traballo desde casa para reducir os riscos de contaxio do seu persoal e dos usuarios e contribuíntes que teñen que acudir ás dependencias da Deputación.

Federación de Servizos á Cidadanía

Sección Sindical Deputación da Coruña
ccoo@dacoruna.gal
www.fsc.ccoo.es/galicia

Polo que, SOLICITA

Que se inicien, coa finalidade de reducir o risco de contaxio entre o seu persoal e os usuarios dos seus servizos e contribuíntes, os trámites necesarios para implantar a modalidade de teletraballo en todos os postos de traballo susceptibles de ser desempeñados desa forma, coa maior urxencia posible.

Por outra banda, e con independencia da aplicación do traballo a distancia como medida preventiva durante a pandemia, instamos de novo á Corporación a que convoque a mesa de negociación para avanzar cara á aprobación do regulamento de teletraballo para situacións de normalidade.

A Coruña, 17 de enero de 2022

Álvaro Trillo
Coordinador da Sección Sindical de CCOO na Deputación

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
DEPUTADO PRESIDENTE DA COMISIÓN DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR
XEFATURA DE SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS